

NOME DA ACTIVIDADE (Ficha alumnado)

- **Mira para min**

ENUNCIADO DA ACTIVIDADE

A continuación preséntansevos uns contextos comunicativos moi específicos. Estes contextos poden condicionar as respostas ou os procesos comunicativos que se dan a partir destas situacións.

A actividade consiste en ordenar e colocar as posibles respostas co seu contexto comunicativo, tendo en conta que nalgún caso pode haber varias posibilidades e que noutros poden ser compartidas.

MATERIAIS PARA A FICHA

Contextos comunicativos

Alegría

Unha persoa bota un berro de alegría no medio dunha misa. Está escoitando un partido de fútbol e o seu equipo acaba de marcar un gol.

Timidez

Unha persoa chega a unha festa, pero é moi tímida e non sabe se é aí onde a convidaron.

Pracer

Nunha mesa están sentados varios comensais, é unha mesa onde se reuniron para falar de traballo pero os pratos están... mmm

Pánico

Estades nun ascensor, subindo á vosa oficina, cando de súpeto párase o ascensor coma se estivese avariado, está cheo de xente e a situación é moi apurada.
--

Medo

- Ides nun coche varias persoas, cando de súpeto queda sen freos e menos mal que non conducides moi rápido.

Desgraza

Acábanlle de tocar moitos cartos a un equipo de traballo pero o compañeiro que ten o décimo de lotería deixouno nun pantalón e foi para a lavadora. Todo está perdido

Descomposta

Ides celebrar o aniversario dunha amiga; tendes preparada unha sorpresa pero chega cunha mala nova e todo se estraga.

Concentración

Antes dun partido de calquera deporte de quipo, estades escoitando as últimas instrucións e todo o mundo se amosa moi concentrado.

Tristura

Un grupo de amigos (ou dous); estades vendo unha película que ten un final moi tristeiro, todo acaba moi mal.

Susto

Chegas á casa despois de traballar, os amigos estante esperando para darche unha sorpresa, pero cando entras berran todos a un tempo e levas un susto de morte.

Posibles frases ou respostas aos contextos

- Perdón, é aquí a festa de X...
- Desculpade, estou buscando a festa X...
- Sabedes se esta é a festa de X...

- Síntoo moito...
- Desculpade...

- Espléndido, que será isto tan delicioso...
- Alguén sabe que é isto que estamos comendo...
- Faría o favor de pasarme a receita do cociñeiro... moitas grazas

- Acougade todos, pronto todo volverá á normalidade...
- Non pasa nada, mantede a calma, seguro que só serán uns intres...

- Tede coidado, non vos movades...
- Procurade agarrarvos e tranquilos que non pasa nada...

- Mimá! Vaia susto...
- Metéstesme o susto no corpo!...
- Case me dá algo, estades loucos ou que!...

- Sentímolo moito, calquera cousa que precisés...
- Non te preocupes, non ha ser nada...

- Vaia metedura de zoco...
- Desculpade, metín os pés polas mangas...
- Cagáchela ben cagada...

- Non me gustou nada este final...
- Foi che ben triste a historia...
- Morra o conto, imos tomar algo...

- Veña, ánimo e adiante...
- Todo o mundo concentrado, seguides así...